

“PLAN DE ACOLLIDA DO CRA DE DODRO PARA O CURSO 2020-2021”

O PLAN DE ACOLLIDA do CRA de DODRO está elaborado en base ás **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, a dirección do centro elaborara un **Programa de acollida** que será presentado ao Claustro e ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Tema	Modificación
Horario de entrada	<p>9:30 para todas as escolas</p> <p>Insístese na puntualidade no horario de entrada ao centro polos protocolos de acceso e hixiene que se deben levar a cabo.</p> <p>Medidas na porta. Desinfección do calzado e aislamento dos abrigos en bolsas plásticas. Hixiene de mans.</p>
Horario de saída	<p>14:30 para todas as escolas.</p> <p>Insístese na puntualidade no horario de saída ao centro polos protocolos de acceso e hixiene que se deben levar a cabo.</p>
Merenda	<p>11:30 a 12:00</p> <p>Na medida das condicións metodolóxicas a merenda realizarase no exterior. Respetarase a proposta de merendas semanas.</p>
Horario de recreo	12:00 a 12:30
Espazo de recreo	Patios e aulas secundarias, esta última cando a climatoloxía sexa adversa.
Gardas de entrada	En todas as escolas priorizarase a posibilidade da presenza de dous Mestres durante as entradas e saídas.
Acompañamento do alumnado	<p>Limitase a UN acompañante por alumno no recinto escolar tanto nas entradas como na saída. O acompañante deberá cumprir coas medidas establecidas no Plan de Adaptación ao COVID:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acudir sempre con mascarilla. - Respectaranse os circuitos establecidos para entrega e recollida do alumnado. - Non se permite o acceso aos acompañantes do alumnado ao edificio da escola.
Grupos de CONVIVENCIA ESTABLE	<p>As aulas do CRA de Dodro confórmanse como GRUPOS DE CONVIVENCIA ESTABLE.</p> <p>Dentro de cada grupo de convivencia traballarase mediante grupos de ata 5 alumnos/as mantendo esta organización fixa.</p> <p>Estes subgrupos manterán entre eles a distancia de 1.5 metros respecto dos outros subgrupos.</p> <p>SEMPRE QUE A CLIMATOLOXÍA O PERMITA REALIZARANSE SESIÓNS DE TRABALLO AO AIRE LIBRE.</p>

Titorías	<p>Preferentemente telemáticas, aínda que se permiten as presenciais con as normas de seguridade reflectidas no Plan de adaptación ao COVID.</p> <ul style="list-style-type: none">- Cita previa.- Coas medidas de seguridade establecidas: mascarilla, distancia e hixiene de mans.- Na escola que corresponda ao alumno.- Horario: martes 17:30 a 18:30
Biblioteca	<p>As bibliotecas de aula seguirán funcionando seguindo os aspectos recollidos no Plan de adaptación ao COVID. En canto ao préstamo de libros farase en cada escola. Levaran o libro o venres e entregándoo á escola o luns. Este material permanecerá en corentena ata o venres que se repartan novos libros. O incumprimento dos prazos impedirá levar este material ás casas.</p>
Uso de aseos	<p>Restrínxese o aforo a unha persoa.</p> <p>A limpeza dos aseos realizarase tres veces ao día. Unha limpeza xeral e reforzo de dúas limpeza no baño.</p>
Circulación polo centro	<p>So se permite o acceso ás escolas a alumnado e profesorado.</p> <p>Familias Entradas e saídas:</p> <p>Escola de Bexo: As familias achegaranse á porta da escola e colocaranse respectando a distancia de seguridade na beirarrúa que está diante da escola, unha vez entregado o alumno continuará camiñando pola beirarrúa sen cambiar o sentido da fila establecido.</p> <p>Escola de Laiño: As familias achegaranse ata a porta principal da escola polas escaleiras frontais respectando a distancia de seguridade, unha vez entregado o alumnado tomará a saída pola rapta lateral.</p> <p>Escola de Lestrobe: As familias achegaranse ata a porta principal da escola polas escaleiras frontais respectando a distancia de seguridade, unha vez entregado o alumnado tomará a saída pola rapta lateral.</p> <p>Escola de Vigo: As familias accederán ata a porta principal dende a reixa principal mantendo a distancia de seguridade, unha vez entregado o alumnado sairá pola porta lateral do patio.</p> <p>Estes fluxos circulatorios establécense para entradas e saídas.</p>
Celebración e conmemoracións	<p>Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.</p> <p>As celebración e conmemoracións levaranse a cabo en cada unha das escolas e realizaranse sen público.</p>

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do Plan de Adaptación ao COVID-19, realizaranse antes do comezo de curso reunións coas familias.

Estas reunións terán lugar no exterior das escolas se a climatoloxía o permite baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

ESCOLA	DÍA	HORA
Escola de BEXO	08/09/2020	10:00
Escola de LAIÑO	08/09/2020	10:00
Escola de LESTROBE	08/09/2020	12:00
Escola de VIGO	08/09/2020	12:00

Debido a importancia de adquirir novos hábitos de organización da escola, fai necesaria unha organización especial para o **primeiro día lectivo**. Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, flexibilizaremos **os horarios** organizando as seguintes quendas de entrada e saída.

INICIO DAS CLASES			10 DE SETEMBRO DE 2020		
NIVEL	ENTRADA		SAÍDA		
4º E. INFANTIL (3 ANOS)	10:30		11:30		
5º E. INFANTIL (4 ANOS)	9:30		14:15		

INICIO DAS CLASES			11 DE SETEMBRO DE 2020		
NIVEL	ENTRADA		SAÍDA		
4º E. INFANTIL (3 ANOS)	10:30		11:30		
5º E. INFANTIL (4 ANOS)	9:45		14:30		
6º E. INFANTIL (5 ANOS)	9:30		14:15		

OS ALUMNOS E ALUMNAS DE 4º DE E. INFANTIL (3 ANOS) SEGUIRÁN OS HORARIOS ESTABLECIDOS NO PERÍODO DE ADAPTACIÓN.

As dúas primeiras sesións lectivas cada grupo estará co seu titor apoiado por un mestre especialista.

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

- Nomeamento do Equipo COVID do centro, conformado por 3 membros: Directora e dous membros do claustro.

Prevención:

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Regular o acceso aos aseos

- Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado e os grupos colaborativos atendendo ao número de alumnos/as por escola e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comprobren a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:

- Reforzar o servizo de limpeza.
- Realizar desinfeccións dos aseos tres veces ao día.
- Facer limpeza de aulas pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado. (Intentarase que o uso de material común sexa o mínimo)

- Hixiene persoal:

- Facer mínimo 5 limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.

- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.

- Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.

- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, ceras, lápiz etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.

- Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o feito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns
- Xabón: nos aseos
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Solución desinfectante: nas aulas
- Spray de alcohol
- Papeleiras de pedal

Protección:

- Uso de máscara:

- **Uso obrigatorio para todo o profesorado.**
- **Uso obrigatorio para todo o alumnado nas entradas e saídas.**
- **Uso recomendable para todo o alumnado durante a xornada CANDO NO SE POIDA GARANTIR A DISTANCIA DE SEGURIDADE.**
- **FAMILIAS: uso obrigatorio SEMPRE.**

- Pantallas:

- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.

- Mamparas:

- Nas aulas nas que se desenvolven sesión de AL, a utilización valorarase pola mestra de AL.

b) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou de ser o caso, non presencial.

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na COVID 19, así como en aqueles aspectos das aulas virtuais. Neste sentido no curso 19/20 realizouse unha formación inicial en aulas virtuais que dende o equipo TICs do centro de promoverá e facilitarase apoio e orientación.

Neste curso académico se solicitará a través do PFPP do centro formación nestes aspectos.

O coordinador do equipo TICs xunto co resto do equipo será o encargado do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica. Comunicación coa UAC, coa responsable ABALAR de zona, divulgar accións formativas son tamén tarefas do equipo TICs.

Como se recolle no PLAN DE CONTINXENCIA a teleformación se desenvolverá como no curso 19/20 a través do BLOG do centro www.cradedodro.com. Puidéndose completar coa aula virtual se se amosase operativa para o alumnado do centro tendo en conta as súas idades (3, 4 e 5 anos).

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden recibir mensaxes do centro, boletín de notas e información xeral entre outras
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: cra.dodro@edu.xunta.es
- **Teléfono**: comunicación directa e inmediata. **Teléfono do centro: 981802421**, tamén a través dos teléfonos das escolas.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade afectan tamén ao día a día das escolas polo que debemos aprender a relacionarnos con distancia, para isto nas primeiras xornadas elctivas farase fincapé neste aspecto co fin de que os nenos e nenas vaian collendo hábitos. A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel emocional debemos dar importancia a verbalización das emocións dos nenos e nenas despois dunha ruptura coa vida escolar tan abrupta así como unha incorporación con moitos cambios na escola que coecía e que xa non é a mesma. As assembleas diarias convírtense no entorno adecuado para estas exposicións. Os nenos e nenas necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

- O traballo sobre os diferentes aspectos de hixene, protección e seguridade que debemos levar a cabo é fundamental para que no día a día vaian encaixando e se convirtan en rutinas estables.

ADXUNTASE A ESTE PLAN DE ACOLLIDA O DOCUMENTO DE HORARIO E PLANIFICACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN

ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN CURSO 20/21

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
			Día:10 Asisten: 5º E.I (4anos) Horario: 9:30-14:15 4º E.I. 3 anos: Horario: 10:30-11:30	Día:11 Asisten: 5º E.I (4 anos) Horario: 9:45-14:30 6º E.I. (5 anos) Horario: 9:30-14:15 4º E.I. 3 anos: Horario: 10:30-11:30
Día:14 FESTIVO LOCAL	Día:15 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 3 anos: Horario: 10:00-11:30	Día:16 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-13:00	Día:17 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-13:00	Día:18 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-13:00
Día:21 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-14:15	Día:22 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-14:15	Día:23 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-14:15	Día:24 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-14:15	Día:25 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-14:15

O día 28 de setembro todo o alumnado fará o horario completo de 9:30 a 14:30